



Os profesionais que traballamos en Hospitalización a Domicilio (HADO) dámoslle a benvida e estamos en disposición de lograr que o seu ingreso en HADO sexa o máis agradable, comfortable e satisfactorio posible.

O obxectivo desta guía é facilitarlle información de utilidade que lle sirva a vostede, á súa familia e aos acompañantes que colaboran no seu coidado para coñecer a atención que prestamos nesta unidade. Estamos á súa disposición para aclarar as dúbidas que lle poidan xurdir.



Este é o seu equipo:

O seu médico/a:


O seu enfermeiro/a:

Estamos á súa disposición de luns a venres:

Os sábados, domingos e festivos:

Fóra do horario de atención, as urxencias serán atendidas:
.....

A documentación clínica existente no seu domicilio é para uso exclusivo do equipo sanitario.
Vostede ten a responsabilidade de conservala e utilizala adecuadamente.



Que é a Hospitalización a domicilio?

É unha alternativa de hospitalización en que vostede se atopa ingresado no seu domicilio, no cal é atendido por un equipo especializado do hospital, que lle proporcionará os coidados necesarios para o tratamento da súa enfermidade de xeito efectivo e seguro.

É dicir, substitúese o ingreso nun hospital pola hospitalización no seu domicilio cando esta sexa a mellor opción asistencial.

Quen compoñemos a unidade e como traballamos?

Somos un servizo do hospital, composto por persoal médico e de enfermaría, que se despraza ata o seu domicilio para prestarlle unha atención sanitaria de intensidade e complexidade hospitalaria.

Poñemos á súa disposición os nosos coñecementos e os medios diagnósticos e terapéuticos do hospital.

Todos os profesionais da HADO traballamos dun xeito coordinado cos compañeiros do hospital, atención primaria, 061 e PAC para ofrecerlle unha asistencia continuada as 24 horas do día.



Que vantaxes ten a hospitalización a domicilio para vostede e a súa familia?

- Mellora a súa calidade de vida xa que lle permite continuar o tratamento no seu domicilio evitándolle un ingreso prolongado no hospital e diminuindo os riscos de que adquira infeccións nel.
- Humaniza a atención ofrecéndolle unha asistencia adaptada á súa realidade e á da súa familia.
- Favorece que sexa máis autónomo durante o proceso da súa enfermidade.

Quen pode ingresar en hospitalización a domicilio?

Vostede, unha vez que un profesional sanitario o determine e sexa un paciente con diagnóstico establecido, que durante o internamento pola súa enfermidade (médica ou cirúrxica) permaneza estable, pero necesite coidados hospitalarios durante un tempo ata recibir a alta definitiva. Se é necesario tamén pode ser ingresado desde as consultas externas do hospital, desde o Servizo de Urgencias, desde atención primaria e desde un centro residencial.

Para ser atendido en hospitalización a domicilio debe cumprir unhas condicións indispensables:

- Vostede e o seu coidador deben aceptar o ingreso nesta unidade, ao ser un ingreso voluntario.
- Debe dispoñer de teléfono accesible e unha vivenda que permita que este equipo o atenda.
- Debe contar con familiares ou persoas responsables de coidalo que faciliten o apoio necesario no domicilio.
- Estes responsables faranse cargo, durante o tempo que dure o seguimento, non só da colaboración no seu coidado directo (aseo, alimentación, etc...) senón que, en ocasións, se encargarán de colaborar estreitamente co equipo sanitario nunha serie de tarefas máis técnicas e que van requirir unha aprendizaxe e un adestramento para o cal contarán co apoio do equipo (administración de tratamentos como insulina, heparina, realización de curas, etc.).